

MOCIÓN CONXUNTA (PSDEG-PSOE, AER, BNG E CONCELLEIRO NON ADSCRITO) RELATIVA ÁS BONIFICACIÓNS NO VITRASA.

PLENO 25 XANEIRO 2018. ACTA 1/2018

Moción Conxunta do día 18.01.2018 con número 2018-E-RE-46 que se transcribe a continuación:

“Dende hai máis de dous anos, a veciñanza de Redondela, especialmente a de Chapela e Trasmañó, non pode obter a tarxeta verde de bonificacións do Vitrasa debido a non expedición de novas tarxetas para as persoas do noso concello. A partir de marzo deste ano, esta problemática incrementárase debido a que as tarxetas verdes deixarán de funcionar pola substitución destas por outras denominadas Pass Vigo que só poderán obter a xente empadroada no Concello de Vigo.

Cabe resaltar que o incremento do custe de cada viaxe de 0,89 euros a 1,35 euros mermará a capacidade económica da poboación do noso concello que utiliza este transporte, tanto para acudir a solventar as súas necesidades básicas de saúde no médico como ir ao centro de traballo ou estudos. É dicir, o transporte público empobrecerá e converterase en inaccesible para moitas persoas.

A xeografía e desenvolvemento histórico do noso concello ten unha particularidade que fai que teñamos dous núcleos urbanos separados como son Redondela centro e Chapela. Este último, realiza a maior parte da súa convivencia no concello colindate debido a súa proximidade ao igual que incrementa a riqueza de dito municipio.

Todas as razóns de peso comentadas con anterioridade, sumanse ao comportamento inxustificable do equipo de goberno liderado polo noso alcalde Javier Bas que ignora, tanto a economía das familias redondeláns como a realidade xeográfica que posuímos, ao non xestionar nin atallar un problema que vén incrementándose no tempo. A veciñanza de Chapela bastante preocupada polo futuro do transporte público, especialmente o colectivo de mulleres e a A.VV de Chapela, estanse mobilizando na recollida de sinaturas e celebración de reunións debido á desidia a través da non acción e resolución do goberno municipal do PP á hora de intentar buscar solucións a dita problemática que afecta a máis de 10.000 persoas.

*Por todo o exposto, solicítase ó pleno da corporación municipal os seguintes **ACORDOS**:*

1. Que o alcalde de Redondela inicie con urxencia e de maneira oficial as negociacións con outras administracións para que a poboación do noso concello continúe coas bonificacións no transporte público do Vitrasa, mantendo informados aos grupos políticos da oposición e á AVV de Chapela.”

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometida a votación a mencionada moción, apróbase, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes sendo 21 votos a favor (09 do PP, 06 do PSdeG-PSOE, 04 de AER, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito).